

Códigos	Subcódigos	Significado
105		Velocidade máxima limitada, por causas administrativas, a:
	1	70 quilómetros por hora.
	2	80 quilómetros por hora.
	3	90 quilómetros por hora.
	4	100 quilómetros por hora.
106		Data de primeira expedición do permiso. Exemplo: 106.1. (16.7.72):
	1	Permiso novo, por terse solicitado a súa prórroga fóra de prazo.
	2	Troco de permiso militar.
	3	Troco de permiso estranxeiro.
171		Duplicación de permiso ou licenza de condución:
	1	Duplicación por perda.
	2	Duplicación por deterioración.
	3	Duplicación por subtracción.
	4	Duplicación por variación de datos.
200		Anexo ao permiso ou licenza de condución. O titular deberá levar un documento expedido pola xefatura provincial de Tráfico en que figuren as condicións de utilización do vehículo.
201		Anexo ao permiso ou licenza de condución. O permiso ou licenza non serán válidos sen un documento en que figure o texto da resolución que determina os períodos de tempo en que se deberá cumprir a sanción de suspensión da autorización.

XEFATURA DO ESTADO

21421 LEI 1/2004, do 21 de decembro, de horarios comerciais. («BOE» 307, do 22-12-2004.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A definición dos horarios comerciais veu constituíndo en todo momento unha peza de especial sensibilidade na regulación do exercicio da actividade comercial retailista. Así, a Lei orgánica 2/1996, do 15 de xaneiro, complementaria da Lei de ordenación do comercio retailista, estableceu no seu artigo 2 o principio da liberdade de cada comerciante para determinar, sen limitación ningunha en toda España, o horario de apertura e feche dos seus establecementos comerciais, así como os días festivos ou non e o número de horas semanais en que desenvolver a súa actividade, dentro das regras establecidas na propia lei. A mencionada lei orgánica sinalaba que o principio de liberdade de horarios non podía ser de aplicación inmediata polos efectos que este réxime podería ter sobre o sector e, por isto, estableceu un réxime transitorio, que non podería ser revisado antes do 1 de xaneiro do ano 2001.

Por este motivo, e seguindo determinadas regras, acordouse unha modulación na súa aplicación até o ano 2001. Recoñeceuse a plena liberdade para determinados tipos de establecementos e para aqueles que non desfrutaban desta liberdade fixouse unha apertura autorizada, como mínimo, de oito domingos ou festivos e unha liberdade de apertura que non podía restrinxirse a menos de 72 horas semanais. Estes dous límites podían ser ampliados polas comunidades autónomas.

O Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos, no seu artigo 43, desprazou as regras transitorias da Lei orgánica 2/1996, ampliando o réxime transitorio durante 4 anos máis e establecendo unha nova regulación que incrementou gradualmente o número de domingos e festivos de apertura autorizada até chegar a doce para o ano 2004. É dicir, a discusión sobre a liberdade de horarios ou a eventual aplicación dun réxime de liberdade de horarios adiouse do 1 de xaneiro de 2001 ao 1 de xaneiro de 2005. Así, o número un deste artigo sinala que «a liberdade absoluta de horarios e de determinación de días de apertura dos comerciantes non será de aplicación até que o Goberno, conxuntamente co Goberno de cada unha das comunidades autónomas, así o decidan para o seu correspondente territorio e non antes do 1 de xaneiro do ano 2005».

As regras establecidas no Real decreto lei 6/2000 marcaron unha práctica de doce aperturas en festivos entre consumidores e comerciantes que se considera que constitúe un marco de referencia adecuado para a nova regulación.

En consecuencia, a adopción dun novo réxime de horarios comerciais resulta urxente, pola necesidade de dispor dunha norma antes do 1 de xaneiro de 2005, que dote dun novo marco legal que dea seguridade xurídica e que permita a aprobación dos novos calendarios comerciais para 2005.

A presente lei pretende fixar un marco estatal de carácter estable, resultado do consenso máis amplo posible coas principais asociacións representantes dos consumidores, dos intereses empresariais, os sindicatos e as comunidades autónomas.

O obxectivo da presente regulación básica é promover unhas adecuadas condicións de competencia no sector, contribuír a mellorar a eficiencia na distribución comercial retailista, lograr un adecuado nivel de oferta para os consumidores e axudar a conciliar a vida laboral e familiar dos traballadores do comercio. Esta norma permitirá que cada comunidade autónoma adecue o seu réxime de horarios ás características e ao modelo de comercio de cada unha delas.

A presente lei dítase no exercicio das competencias exclusivas do Estado en materia de bases da ordenación da actividade económica que lle recoñece o artigo 149.1.13.^a da Constitución.

Artigo 1. *Liberdade de horarios.*

Dentro do marco definido por esta lei e polo que, se é o caso, desenvolvan as comunidades autónomas, cada comerciante determinará con plena liberdade o horario de apertura e feche dos seus establecementos comerciais de venda e distribución de mercadorías, así como os días festivos de apertura e o número de horas diarias ou semanais en que exercerá a súa actividade.

Artigo 2. *Competencias autonómicas.*

No exercicio das súas competencias, corresponderá-lles ás comunidades autónomas a regulación dos horarios para a apertura e feche dos locais comerciais, nos seus respectivos ámbitos territoriais, no marco da libre e leal competencia e con suxeición aos principios xerais sobre ordenación da economía que se conteñen na presente lei.

Artigo 3. *Horario global.*

1. O horario global en que os comercios poderán desenvolver a súa actividade durante o conxunto de días laborables da semana non poderá ser restrinxido polas comunidades autónomas a menos de 72 horas.

2. O horario de apertura e feche dentro dos días laborables da semana será libremente decidido por cada comerciante, respectando sempre o límite máximo do horario global que, se é o caso, estableza a comunidade autónoma.

3. As comunidades autónomas que así o consideren poderán establecer na súa normativa aquelas obrigas de información ao público en materia de horarios comerciais que melloren o coñecemento do réxime de horarios por parte dos consumidores.

Artigo 4. *Domingos e festivos.*

1. O número mínimo de domingos e días festivos en que os comercios poderán permanecer abertos ao público será de doce.

2. As comunidades autónomas poderán modificar o número en atención ás súas necesidades comerciais, incrementándoo ou reducíndoo, sen que en ningún caso se poida limitar por debaixo de oito o número mínimo de domingos e festivos de apertura autorizada.

3. Cada comerciante determinará libremente o horario correspondente a cada domingo ou día festivo de cada actividade autorizada, sen que poida ser limitado polas comunidades autónomas a menos de 12 horas.

4. A determinación dos domingos ou días festivos en que poderán permanecer abertos ao público os comercios, co mínimo anual antes sinalado, corresponderá a cada Comunidade Autónoma para o seu respectivo ámbito territorial.

5. Para a determinación dos domingos e festivos mínimos establecidos neste artigo, as comunidades autónomas deberán atender de forma prioritaria ao atractivo comercial deses días para os consumidores.

Artigo 5. *Establecementos con réxime especial de horarios.*

1. Os establecementos dedicados principalmente á venda de pastelería e repostería, pan, comidas preparadas, prensa, combustibles e carburantes, florarías e plantas e as denominadas tendas de conveniencia, así como as instaladas en puntos fronteirizos, en estacións e

medios de transporte terrestre, marítimo e aéreo e en zonas de grande afluencia turística, terán plena liberdade para determinar os días e horas en que permanecerán abertos ao público en todo o territorio nacional.

2. Tamén terán plena liberdade para determinar os días e horas en que permanecerán abertos ao público en todo o territorio nacional os establecementos de venda de reducida dimensión distintos dos anteriores que dispoñan dunha superficie útil para a exposición e venda ao público inferior a 300 metros cadrados, excluídos os pertencentes a empresas ou grupos de distribución que non teñan a consideración de pequena e mediana empresa segundo a lexislación vixente ou que operen baixo o mesmo nome comercial deses grupos ou empresas.

3. Por razóns de política comercial, as comunidades autónomas poderán modificar, incrementándoo ou reducíndoo, a superficie útil para a exposición e venda ao público dos establecementos de alimentación e consumo cotián comprendidos no número 2, que poden ter plena liberdade de horarios, non podendo ser a superficie útil de exposición e venda ao público dos mencionados establecementos inferior a 150 m².

4. Entenderase por tendas de conveniencia aquelas que, cunha superficie útil para a exposición e venda ao público non superior a 500 metros cadrados, permanezan abertas ao público polo menos dezoito horas ao día e distribúan a súa oferta, en forma similar, entre libros, xornais e revistas, artigos de alimentación, discos, vídeos, xoguetes, regalos e artigos varios.

5. A determinación de zonas turísticas a que se refire o punto 1 deste artigo, así como os períodos a que se circunscribe a aplicación da liberdade de apertura nelas, corresponderá a cada comunidade autónoma para o seu respectivo ámbito territorial.

6. As oficinas de farmacia, así como os estancos, rexeranse pola súa normativa específica, aplicándose, no seu defecto, as disposicións desta lei.

7. Dentro dos límites marcados pola presente lei, as comunidades autónomas poderán regular especificamente os horarios comerciais dos establecementos dedicados exclusivamente á venda de produtos culturais, así como os que presten servizos desta natureza.

Artigo 6. *Réxime sancionador.*

As comunidades autónomas poderán establecer o sistema sancionador aplicable ás infraccións da normativa que diten en desenvolvemento da presente lei en relación con calendarios e horarios comerciais.

Disposición adicional primeira. *Réxime de liberdade de horarios.*

No caso de que as comunidades autónomas decidan non exercer as opcións que lles confiren o número 2 do artigo 3 e o número 3 do artigo 4, entenderase que os comerciantes dispoñen de plena liberdade para determinar as horas de apertura dos seus establecementos.

Disposición adicional segunda. *Liberdade de escolla de domingos e festivos.*

No caso de que as comunidades autónomas decidan non exercer as opcións que lles confire o número 4 do artigo 4, entenderase que os comerciantes dispoñen de plena liberdade para determinar os doce domingos e festivos de apertura dos seus establecementos.

Disposición adicional terceira. *Competencias municipais.*

As comunidades autónomas poderán ditar as normas necesarias para que os concellos poidan acordar, por

razóns de orde pública, o feche, de maneira singularizada, de establecementos que vendan bebidas alcohólicas.

Disposición transitoria primeira. *Zonas de grande afluencia turística.*

Terán a consideración de zonas de grande afluencia turística as que xa a tivesen no momento da entrada en vigor da presente lei.

Disposición transitoria segunda. *Definición de Peme.*

Entremetres non se definan legalmente os criterios para a definición de pequena e mediana empresa na lexislación estatal, o criterio que se utilizará será o recollido na recomendación da Comisión Europea do 6 de maio de 2003.

Disposición derogatoria.

Quedan derogados os artigos 2 e 3 da Lei orgánica 2/1996, do 15 de xaneiro, complementaria da Lei de ordenación do comercio retallista, e o artigo 43 do Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos, así como calquera disposición anterior que resulte contraria e ela.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

A presente lei dítase en exercicio das competencias exclusivas do Estado en materia de bases e ordenación da economía, recoñecidas no artigo 149.1.13.ª da Constitución, e co respecto ás competencias en materia de comercio interior das comunidades autónomas.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2005.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 21 de decembro de 2004.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

21496 REAL DECRETO 2295/2004, do 10 de decembro, relativo á aplicación en España das normas comunitarias de competencia. («BOE» 308, do 23-12-2004.)

Polo Real decreto 295/1998, do 27 de febreiro, relativo á aplicación en España das regras europeas de competencia, regulouse a aplicación destes preceptos polos órganos nacionais encargados da defensa da competencia, e realizouse unha atribución xenérica de competencias a cada unha das autoridades nacionais, o Tribunal e o Servizo de Defensa da Competencia, acorde coa distribución interna daquelas.

Esa norma centrouse tamén na definición das facultades e poderes dos funcionarios e axentes acreditados que realizasen verificacións ou investigacións en España, así como na colaboración e asistencia aos funcionarios e axentes da Comisión Europea por parte dos funcionarios ou axentes españois na realización de verificacións no territorio nacional.

Por último, o mencionado real decreto regulou o deber de segredo e o tratamento da información confidencial e estableceu, con carácter xeral, a aplicación das normas de procedemento previstas na Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, e nas súas normas de desenvolvemento.

Recentemente, introducíronse importantes modificacións na normativa comunitaria de competencia que fan necesario adaptar o contido deste real decreto ao novo marco normativo comunitario.

En primeiro lugar, o Regulamento (CE) n.º 1/2003 do Consello, do 16 de decembro de 2002, relativo á aplicación das normas sobre competencia previstas nos artigos 81 e 82 do Tratado da Comunidade Europea, estableceu un novo sistema de exención legal directamente aplicable para aqueles acordos entre empresas que cumpran as condicións do artigo 81.3 do Tratado sobre mellora da produción ou distribución ou fomento do progreso técnico ou económico. Esta reforma ten o dobre obxectivo de asegurar unha supervisión eficaz e de simplificar, na medida do posible, o control administrativo. Con isto, queda superado o réxime de autorización previa centralizado pola Comisión Europea establecido polo anterior Regulamento n.º 17 do Consello, do 6 de febreiro de 1962, primeiro regulamento de aplicación dos artigos 81 e 82 do Tratado da Comunidade Europea.

En consecuencia, este novo sistema de verificación «ex post» e descentralizada implica que tanto a Comisión Europea como as autoridades de competencia e os órganos xurisdiccionais nacionais, estes últimos no ámbito xurisdiccional civil, poderán aplicar os artigos 81 e 82 do Tratado no seu conxunto. Así mesmo, o maior protagonismo da aplicación nacional das normas europeas de competencia exige unha colaboración máis estreita entre as autoridades nacionais e a Comisión Europea, que forman unha rede de autoridades de competencia, para garantir a aplicación coherente e eficaz das normas comunitarias neste ámbito.

Entre as novidades introducidas polo Regulamento (CE) n.º 1/2003 destacan, así mesmo, o establecemento de mecanismos de cooperación entre os órganos xurisdiccionais e a Comisión Europea e as autoridades de competencia nacionais, que se dotan da facultade de presentaren observacións escritas ou orais ante os primeiros cando apliquen os artigos 81 e 82 do Tratado.

Igualmente, para facilitar a detección das infraccións das normas de competencia e protexela eficazmente, completáronse os poderes de investigación da Comisión Europea, que queda facultada para tomar declaracións a toda persoa que poida dispor de información útil e poder gardar constancia das súas declaracións, colocar precintos durante o tempo que sexa necesario para a inspección e para acceder a todos os locais en que se poidan conservar documentos de índole profesional, incluídos locais non destinados a actividades comerciais supeditados á autorización do xuíz nacional.

As autoridades de competencia dos Estados membros deben prestar colaboración activa á Comisión Europea no exercicio das súas facultades en materia de inspección e investigación e, adicionalmente, co fin de facilitar a outras autoridades de competencia comunitarias a aplicación eficaz dos artigos 81 e 82 do Tratado, facúltanse para se prestaren axuda mutua levando a cabo inspeccións e outras medidas de investigación.

En segundo lugar, o Regulamento (CE) n.º 139/2004 do Consello, do 20 de xaneiro de 2004, sobre o control das